



Área / Unidad CONTRATACION CT0000 GVB	Documento 43017I03Q1	Sello
Código de verificación  5B4A 2O5B 041M 2H2A 15KR	Expediente 851/2023/101	
	Fecha 20-09-2023	

**O concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 126.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local,**

**CERTIFICO:**

Que a **Xunta de Goberno Local**, en sesión extraordinaria e urxente celebrada o 21.09.2023, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

**ÁREA DE ECONOMÍA E PLANIFICACIÓN URBANA**

**Dirección de Área de Economía, Facenda e Réxime Interior**

**Servizo de Contratación**

**Expdte.:** 851/2023/101

**Asunto:** Autorización da tramitación anticipada do expediente para a contratación mixta, por lotes, de subministracións, servizos e obra de estacións e ancoraxes, bicicletas con asistencia ao pedaleo, un vehículo furgón eléctrico e un centro de lavado para ampliación e mellora do sistema público de alugueiro de bicicletas, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia-Next Generation, financiado pola Unión Europea; aprobación do expediente de contratación e dos pregos

Previa deliberación, **de conformidade co informe–proposta que consta no expediente** e do que se dará traslado, en todo caso, xunto coa certificación/notificación do presente acordo, **en canto serve de motivación ao mesmo**, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, por unanimidade, en votación ordinaria, acórdase:

**Primeiro.-** Autorizar a tramitación anticipada do expediente para a contratación mixta por lotes de subministracións, servizos e obra de estacións e ancoraxes, bicicletas con asistencia ao pedaleo, un vehículo furgón eléctrico e un centro de lavado para ampliación e mellora do sistema público de aluguer de bicicletas, no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia – Next Generation, financiado pola Unión Europea, cun orzamento base de licitación total 2.568.000,00 € (IVE incluído) e dividido nos seguintes Lotes:

LOTE 1: Subministración dun mínimo de 640 postos de ancoraxe, repartidos nun mínimo de 20 estacións eléctricas (450 puntos de ancoraxe con carga) e 10 estacións con panel solar / eléctricas (190 puntos de ancoraxe) compatibles co sistema de ancoraxe PBS02-003501-65 e compatibles tamén cos sistemas TIC e o software que xestiona o actual servizo BICICORUÑA, cun orzamento base de licitación de 1.408.150,21 € (IVE incluído) e unha duración inicial de catorce meses e tres semanas



LOTE 2: Subministración de bicicletas con asistencia ao pedaleo (eléctricas), compatibles co sistema de ancoraxe PBS02-003501-65 e o software de xestión empregado nas estacións actuais do servizo BICICORUÑA, cun orzamento base de licitación de 1.069.125,75 € (IVE incluído) e unha duración inicial de oito meses.

LOTE 3: Subministración dun vehículo furgón e a súa correspondente estación de recargas, para ampliación do servizo de BICICORUÑA, cun orzamento base de licitación de 80.351,92€ (IVE incluído) e unha duración inicial de seis meses.

LOTE 4: Subministración dun centro de lavado de bicicletas, para o servizo de BICICORUÑA. O contrato inclúe a subministración do centro de lavado, o seu transporte, montaxe e posta en funcionamento recarga no lugar que o Servizo de Mobilidade Urbana estableza, cun orzamento base de licitación de 10.372,12 € (IVE incluído) e unha duración inicial de seis meses.

O gasto total de 2.568.000,00 € será imputable á aplicación 30.134.62700 do orzamento municipal e desagregase en dúas anualidades:

Aplicación Orzamentaria	Lote	Importe	Duración
30.134.62700 Proxectos complexos	1. Estacións e cadros eléctricos	1.408.150,21€	14 meses y 3 semanas Año 2024: 704.075,11 € Año 2025: 704.075,10 €
	2. Bicicletas con asistencia ao pedaleo	1.069.125,75€	8 meses (ano 2024)
	3. Vehículo eléctrico	80.351,92€	6 meses (ano 2024)
	4. Centro lavado	10.372,12€	6 meses (ano 2024)
	<b>Importe total</b>	<b>2.568.000,00€ (IVE incluído)</b>	

**Esta contratación está cofinanciada polos fondos procedentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, Next Generation – UE**, financiándose con fondos propios o importe do IVE e o 10% do orzamento base de licitación sen IVE, e a cantidade restante será financiada co “Programa de Axudas a municipios para a implantación de Zonas de baixas emisións e a Transformación dixital e sustentable do Transporte Urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia” Fondos Next Generation-UE-Convocatoria 2022.

Este expediente tramítase anticipadamente de acordo co establecido na Disposición Adicional Terceira, apartado 2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, na Base 5ª, apartado III, das de Execución do Orzamento Municipal de 2023, actualmente prorrogadas tendo en conta que debe iniciarse a súa execución no exercicio 2024.

A adxudicación do contrato queda sometida á condición suspensiva da efectiva consolidación dos recursos que financiarán o contrato agás que se trate de procedementos de contratación que se prevexa financiar con cargo á solicitude de fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, de conformidade co previsto no Real Decreto-Lei 36/2020, do 30 de decembro, que poderá chegar na súa tramitación ata a fase de formalización do compromiso de gasto. A participación na licitación supoñerá a aceptación expresa e incondicional desta cláusula.

Todos os actos de trámite ditados nestes expedientes entenderanse condicionados a que no momento de constatare a existencia de crédito adecuado e suficiente, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se realizaron eses actos.

O gasto citado queda condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente na aplicación 30.134.62700 do Orzamento municipal.



**Segundo.-** Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto con diversos criterios de valoración previsto nos artigos 150 e 156 ao 158 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, aprobando para o efecto os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que haberán de rexelo.

**Terceiro.-** Encomendar ao Servizo de Contratación a realización dos trámites necesarios para a apertura do procedemento de licitación e seguimento oportuno do expediente.

E para que así conste aos efectos oportunos, expido a presente certificación na Coruña, na data de sinatura electrónica do presente documento, que asina xunto a min a oficial maior, María Esther Álvarez Martínez, como funcionaria titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e encargado das funcións de fe pública segundo a Disposición Adicional 8ª da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a reserva dos termos definitivos nos que quede redactada a acta.

**O concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local**

**José Manuel Lage Tuñas**

***Confrontado e conforme, a oficial maior***

***María Esther Álvarez Martínez***



**El concejal-secretario de la Junta de Gobierno Local, de conformidad con el artículo 126.4 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local,**

**CERTIFICO:**

Que la **Junta de Gobierno Local**, en sesión extraordinaria y urgente celebrada el 21.09.2023, adoptó, entre otros, los siguientes acuerdos:

**ÁREA DE ECONOMÍA Y PLANIFICACIÓN URBANA**

**Dirección de Área de Economía, Facenda e Réxime Interior**

**Servizo de Contratación**

**Expdte.:** 851/2023/101

**Asunto:** autorizar la tramitación anticipada y aprobar los pliegos para la contratación mixta, por lotes, del suministro, servicios y obra de estaciones y anclajes, bicicletas con asistencia al pedaleo, un vehículo furgón eléctrico y un centro de lavado para ampliación y mejora del sistema público de alquiler de bicicletas, financiada con Fondos Next Generation EU

Previa deliberación, **de conformidad con el informe–propuesta que consta en el expediente** y del que se dará traslado, en todo caso, con la certificación/notificación del presente acuerdo, **en cuanto sirve de motivación al mismo**, de conformidad con el art. 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, por unanimidad, en votación ordinaria, se acuerda:

**Primero.-** Autorizar la tramitación anticipada del expediente para la contratación mixta por lotes de suministros, servicios y obra de estaciones y anclajes, bicicletas con asistencia al pedaleo, un vehículo furgón eléctrico y un centro de lavado para ampliación y mejora del sistema público de alquiler de bicicletas, en el marco del plan de recuperación, transformación y resiliencia – Next Generation, financiado por la Unión Europea, con un presupuesto base de licitación total 2.568.000,00 € (IVA incluido) y dividido en los siguientes Lotes:

**LOTE 1:** Suministro de un mínimo de 640 puestos de anclaje, repartidos en un mínimo de 20 estaciones eléctricas (450 puntos de anclaje con carga) y 10 estaciones con panel solar / eléctricas (190 puntos de anclaje) compatibles con el sistema de anclaje PBS02-003501-65 y compatibles también con los sistemas TIC y el software que gestiona el actual servicio BICICORUÑA, con un presupuesto base de licitación de 1.408.150,21 € (IVA incluido) y una duración inicial de catorce meses y tres semanas

**LOTE 2:** Suministro de bicicletas con asistencia al pedaleo (eléctricas), compatibles con el sistema de anclaje PBS02-003501-65 y el software de gestión empleado en las estaciones actuales del servicio BICICORUÑA, con un presupuesto base de licitación de 1.069.125,75 € (IVA incluido) y una duración inicial de ocho meses.

**LOTE 3:** Suministro de un vehículo furgón y su correspondiente estación de recargas, para ampliación del servicio de BICICORUÑA, con un presupuesto base de licitación de 80.351,92€ (IVA incluido) y una duración inicial de seis meses.



*LOTE 4: suministro de un centro de lavado de bicicletas, para el servicio de BICICORUÑA. El contrato incluye el suministro del centro de lavado, su transporte, montaje y puesta en funcionamiento recarga en el lugar que el Servicio de Movilidad Urbana establezca, con un presupuesto base de licitación de 10.372,12 € (IVA incluido) y una duración inicial de seis meses.*

*El gasto total de 2.568.000,00 € será imputable a la aplicación 30.134.62700 del presupuesto municipal y se desglosa en dos anualidades:*

<b>Aplicación Presupuestaria</b>	<b>Lote</b>	<b>Importe</b>	<b>Duración</b>
30.134.62700 Proyectos complejos	1. Estaciones y cuadros eléctricos	1.408.150,21€	14 meses y 3 semanas Año 2024: 704.075,11 € Año 2025: 704.075,10 €
	2. Bicicletas con asistencia al pedaleo	1.069.125,75€	8 meses (año 2024)
	3. Vehículo eléctrico	80.351,92€	6 meses (año 2024)
	4. Centro lavado	10.372,12€	6 meses (año 2024)
	<b>Importe total</b>	<b>2.568.000,00€ (IVA incluido)</b>	

***Esta contratación está cofinanciada por los fondos procedentes del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, Next Generation – UE, financiándose con fondos propios el importe del IVA y el 10% del presupuesto base de licitación sin IVA, y la cantidad restante será financiada con el “Programa de Ayudas a municipios para la implantación de Zonas de bajas emisiones y la Transformación digital y sostenible del Transporte Urbano, en el marco del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia” Fondos Next Generation-UE-Convocatoria 2022.***

*Este expediente se tramita anticipadamente de acuerdo con lo establecido en la Disposición Adicional Tercera, apartado 2 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público por la que se trasponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, en la Base 5ª, apartado III, de las de Ejecución del Presupuesto Municipal de 2023, actualmente prorrogadas toda vez que debe iniciarse su ejecución en el ejercicio 2024.*

*La adjudicación del contrato queda sometida a la condición suspensiva de la efectiva consolidación de los recursos que financiarán el contrato excepto que se trate de procedimientos de contratación que se prevea financiar con cargo a la solicitud de fondos del Plan de recuperación, transformación y resiliencia, de conformidad con lo previsto en el Real Decreto-Ley 36/2020, del 30 de diciembre, que podrá llegar en su tramitación hasta la fase de formalización del compromiso de gasto. La participación en la licitación supondrá la aceptación expresa e incondicional de esta cláusula.*

*Todos los actos de trámite dictados en estos expedientes se entenderán condicionados a que en el momento de constatarse la existencia de crédito adecuado y suficiente, subsistan las mismas circunstancias de hecho y de derecho existentes en el momento en que se realizaron esos actos.*

*El gasto citado queda condicionado a la existencia de crédito adecuado y suficiente en la aplicación 30.134.62700 del Presupuesto municipal.*

**Segundo.-** *Aprobar el expediente de contratación y disponer la apertura del procedimiento de adjudicación mediante procedimiento abierto con diversos criterios de valoración previsto en los artículos 150 y 156 al 158 de la Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, aprobando al efecto los pliegos de cláusulas administrativas particulares y de prescripciones técnicas que habrán de regirlo.*

**Tercero.-** *Encomendar al Servicio de Contratación la realización de los trámites necesarios para la apertura del procedimiento de licitación y seguimiento oportuno del expediente.*



Financiado por la Unión Europea  
NextGenerationEU



GOBIERNO  
DE ESPAÑA



Plan de Recuperación,  
Transformación  
y Resiliencia



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña

*Y para que así conste a los efectos oportunos, expido la presente certificación en A Coruña, en la fecha de firma electrónica del presente documento, que firma junto a mí la oficial mayor, María Esther Álvarez Martínez, como funcionaria titular del órgano de apoyo a la Junta de Gobierno Local encargado de las funciones de fe pública según la Disposición Adicional 8ª de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, a reserva de los términos definitivos en los que quede redactado el acta.*

**El concejal-secretario de la Junta de Gobierno Local**

**José Manuel Lage Tuñas**

***Confrontado y conforme, la oficial mayor***

***María Esther Álvarez Martínez***